

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29 de novembro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 25 de outubro e 16 de novembro de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2018.
3. Toma de coñecemento da renuncia presentada por D. Javier Ríos González ao cargo de Concelleiro.
4. Designación, se procede, dun representante municipal para formar parte do Consello Escolar do CEEPR BATA Os Mecos de Vilagarcía de Arousa.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, do expediente nº 06/CE/2018 de Modificación de crédito por crédito extraordinario e Nº 05/CF/2018 de cambio de finalidade de financiamento afectado (vivenda Dr. Tourón nº 3 e outros).
7. Aprobación, se procede, da declaración das obras promovidas por Cáritas Diocesana, nunha vivenda unifamiliar situada en Carril, como de especial interese social.
8. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, así como dos seus Estatutos para a constitución e funcionamento da citada Asociación.
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, sobre a reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o sector eléctrico.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o aniversario da Constitución.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de EU para que se derroque o delito de inurias á Coroa e para reafirmar o compromiso cos valores republicanos e a democracia.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a redución do tránsito de vehículos pesados no Centro de Vilagarcía de Arousa (Rosalía de Castro)
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

16. Rogos e preguntas.
17. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 25 DE OUTUBRO E 16 DE NOVIEMBRE DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria de 25 de outubro e extraordinaria de 16 de novembro de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21), as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria de 25 de outubro e extraordinaria de 16 de novembro de 2018.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES OUTUBRO DE 2018.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2018:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Informe favorable concesión de licenza municipal para instalación, apertura e funcionamento de actividade.
- 1 Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para apertura de establecemento – inicio de actividade
- 1 Concesión de licenza para obra menor
- 1 Conformidade a proxecto de execución construción vivenda unifamiliar
- 3 Concesión de licenza de legalización de obras
- 1 Concesión de licenza para ocupación de vía pública con traburetes e mesas
- 1 Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento hostalería
- 2 Concesión de licenza para colocación de toldo
- 4 Concesión de licenza para vao permanente
- 1 Aceptación de renuncia á comunicación previa para obras de demolición de muro
- 4 Concesión de licenza para ampliación de rede de telecomunicacións
- 6 Concesión de licenza para acometida e conexión de auga e/ou saneamento
- 11 Concesión de licenza de obra maior
- 63 Aceptación de comunicación previa e documentación adxunta para obra menor
- 1 Requirimento presentación informe – ditame de seguridade
- 1 Desestimación alegacións e reiterar orde construción
- 2 Arquivo de expediente aberto orde limpeza solar
- 1 Reiterar orde desmontaxe carpa
- 1 Reiterar ordenado en Resolución: orde solicitude licenza municipal de obras e eliminación obras non legalizables
- 1 Requirimento para realización obras indicadas en informe ditame presentado
- 4 Imposición de multa coercitiva por incumprimento resolucións disciplina urbanística
- 4 Iniciación de expediente de orde de execución disciplina urbanística
- 1 Orde retirada valados publicitarios
- 6 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística

- 2 Recoñecemento de obrigas e orde de pago
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 7 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 1 Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos
- 8 Aprobación de relación de facturas
- 3 Aprobación de gasto taxa por publicación de anuncio en BOP e/ou DOG
- 7 Concesión de tarxeta de armas
- 2 Delegación de funcións da Alcaldía na Primeira Tenente de Alcalde
- 1 Designación Tesoureira en Funcións
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de setembro
- 3 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Adscrición temporal de funcións como Técnica Auxiliar de Cultura a empregada municipal
- 1 Aprobación bases convocatoria para a formación dunha bolsa de peóns de emerxencias
- 1 Concesión de gratificación especial por substitución e traballo de categoría superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo
- 1 Orde prorroga asignación a Axente Policía Local de tarefas e funcións que non impliquen o uso de arma regulamentaria
- 16 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 12 Orde de pago de facturas
- 1 Inscrición de Asociación en Rexistro Municipal de Asociacións
- 1 Aprobación plan de seguridade e saúde proxecto "Mellora camiño rural na Rúa Real en Cea"
- 1 Non admisión xustificación oferta presentada por licitador contratación obras Reforma e humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque
- 4 Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
- 3 Orde representación e defensa dos intereses exercida por letrado en procedemento xudicial
- 5 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 5 Inscrición de can no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

Total: 214

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3 TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR D. JAVIER RÍOS GONZÁLEZ AO CARGO DE CONCELLEIRO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 14 de novembro de 2018 por D. Javier Ríos González, no que expresa a renuncia ao cargo de Concelleiro

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos

de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do BNG nas eleccións municipais de 2015, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D. XOSE LOIS LEIRÓS GUDE, que figura no posto 4 da mesma.

A Comisión queda sabedora

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. Javier Ríos González e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo do Concelleiro Renunciante, por D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE, remitindo a esta Corporación a credencial como tal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- DESIGNACIÓN, SE PROCEDE, DUN REPRESENTANTE MUNICIPAL PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR DO CEEPR BATA OS MECOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

O presente asunto retírase da orde do día do Pleno.

5. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE Nº 06/CE/2018 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E Nº 05/CF/2018 DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO (VIVENDA DR. TOURÓN Nº 3 E OUTROS).: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE DIVERSOS PRESTAMOS.

Mediante Providencia da Alcaldía de novembro de 2018 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente Nº **05/CF/2018** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo concertadas nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018, todas elas afectas aos diferentes Anexos de investimentos por un importe global de **66.328,22€**.
- Expediente Nº **06/CE/2018** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **180.525,20€**.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
4312-63200	OBRA 01/42/2018	SUBM. E INSTALACIÓN VINILOS PRAZA DE ABASTOS	4.729,68	4.729,68	4.729,68
4312-62300	OBRA 01/43/2018	SUBM. E INSTALACIÓN MOBILIARIO POSTOS FROITO E VERDURAS PRAZA DE ABASTOS	4.960,69	4.960,69	4.960,69
231-62200	OBRA 01/44/2018	ADQUISICIÓN INMOBLE SITO EN AVDA. DR TOURÓN Nº 3 DE VILAGARCÍA DE AROUSA	170.834,83	170.834,83	170.834,83
TOTAIS			180.525,20	180.525,20	180.525,20

O que se pretende con este expediente é rentabilizar os excedentes de financiamento afectado existentes en proxectos xa rematados e refundi-los en tres novos proxectos de gasto que se considera imprescindibles e urxentes para o normal funcionamento de servizos básicos municipais como é o mercado, así como para satisfacer as necesidades da cidadanía como é o caso do inmovible con destino a servizos asistenciais.

Con tal fin, tamén farase uso dun sobranse de crédito na aplicación para cotas de amortización de préstamos informado favorablemente pola Tesoureira municipal, debido a que dotouse en exceso.

Se trata de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria á maior brevidade posible, ben por estar relacionados con servizos básicos, ben por tratarse de expedientes que se conta se ultimen dentro do presente exercicio, ben porqué se dará cobertura a gastos xa realizados e facturados, incidindo negativamente a demora na súa aprobación no período medio de pago municipal.

Tendo en conta os sobranse existentes en proxectos de gasto correspondentes aos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018, co detalle exposto no **Anexo I** ao informe de Intervención por un importe global de **66.328,22€**, e que constitúen medios e recursos que poden financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Visto o informe da Intervención municipal.

Tendo en conta o sobranse de crédito que se producirá na aplicación de gastos 011-913 por importe de **114.196,98€**, informado favorablemente pola Tesoureira municipal como consecuencia dunha dotación en exceso para cotas de amortización no exercicio 2018.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **05/CF/2018** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **66.152,75€**, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **06/CE/2018** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **180.525,20€** para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
4312-63200	OBRA 01/42/2018	SUBM. E INSTALACIÓN VINILOS PRAZA DE ABASTOS	4.729,68	4.729,68	4.729,68
4312-62300	OBRA 01/43/2018	SUBM. E INSTALACIÓN MOBILIARIO POSTOS FROITO E VERDURAS PRAZA DE ABASTOS	4.960,69	4.960,69	4.960,69
231-62200	OBRA 01/44/2018	ADQUISICIÓN INMOBLE SITO EN AVDA. DR TOURÓN Nº 3 DE VILAGARCÍA DE AROUSA	170.834,83	170.834,83	170.834,83
TOTAIS			180.525,20	180.525,20	180.525,20

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a:

- Baixas de crédito en Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo afectas o financiamento de proxectos engadidos nos Anexos de investimentos dos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 por importe de **66.152,75€**.

- Baixas de crédito na aplicación de gastos 011-913 por importe de **114.196,98€**, informadas favorablemente pola Tesoureira municipal como consecuencia dunha dotación en exceso para cotas de amortización no exercicio 2018, (achégase informe da Tesoureira).

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas que de seguido se indican, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ben por amparar proxectos xa rematados ou susceptibles de cambio de finalidade sen perturbación do respectivo servizo implicando a presente modificación o desestimento expreso para os proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porqué producírase un sobranse como consecuencia dunha dotación inicial excesiva nas mesmas:

Pro.	Eco.	DESCRIPCION	BAIXAS
453	61900	ESTRADAS-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	5.963,32
4312	62200	MERCADOS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	2.681,48
432	62300	MERCADOS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	7.563,47
132	62500	SEGURIDADE-INV. NOVA MOBILIARIO	3.784,43
150	641	XERENCIA URBANISMO-GASTOS EN APLICACIONES INFORMÁTICAS	10.000,00
161	62900	SANEA., AUGA-OUTRAS INVER. N. ASOC. O FUNCIONAL OPERAT. S.	2.879,98
3261	62500	CONSERVATORIO-INV. NOVA MOBILIARIO	2.040,00

3261	62600	CONSERVATORIO-INV. NOVA EQUIPOS INFORMÁTICOS	634,95
3262	62300	ESCOLA MÚSICA-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	2.325,95
3321	62500	BIBLIOTECAS-INV. NOVA MOBILIARIO	1.950,80
334	62300	CULTURA-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	14.693,55
165	63300	ALUMEADO PBLCO.-REPOSI. MAQUIN., INSTALA. E FERRAMENTA	2.158,01
453	61900	ESTRADAS-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.	2.718,15
4312	63200	MERCADOS-INVER. REPOSI. EDIF. E OUTRAS CONST.	462,14
4591	62300	PRAIAS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	0,01
9201	62600	IMFORMÁTICA-INV. NOVA EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.769,57
170	62300	MEDIO AMBIENTE-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERR.	695,36
132	62300	SEGURIDADE-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	1,00
3261	632	CONSERVATORIO-EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC.	3.000,00
3261	62300	CONSERVATORIO-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	6,05
011	913	DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS	114.196,98
TOTAL BAIXAS			180.525,20

CUARTO: Modificar o Anexo de Invetimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
4312-63200	OBRA 33/2018	2018	SUBM. E INSTALACIÓN VINILOS PRAZA DE ABASTOS	4.729,68	2014 2 OBRA 7	2014 / 1 / 002364	4.729,68	87010
					TOTAL		4.729,68	
4312-62300	OBRA 34/2018	2018	SUBM. E INSTALACIÓN MOBILIARIO POSTOS FROITO E VERDURAS PRAZA DE ABASTOS	4.960,69	2014 2 OBRA 7	2014 / 1 / 002364	1.233,64	87010
					2015 2 OBRA 18	2016 / 1 / 450579	2.681,48	87010
					2015 2 OBRA 9	2015 / 1 / 313110	1.045,57	87010
					TOTAL		4.960,69	
231-62200	OBRA 01/44/2018	2018	ADQUISICIÓN INMOBLE SITO EN AVDA. DR TOURÓN Nº 3 DE VILAGARCÍA DE AROUSA	170.834,83	2015 2 OBRA 9		6.517,90	87010

2016 2 OBRA 18	2016 / 1 / 450579	3.784,43	87010
2016 2 OBRA 9	2016 / 1 / 450579	10.000,00	87010
2016 2 OBRA 19	2016 / 1 / 450579	2.879,98	87010
2017 2 OBRA 42	2016 / 1 / 450579	2.040,00	87010
2017 2 OBRA 43	2016 / 1 / 450579	634,95	87010
2017 2 OBRA 44	2016 / 1 / 450579	2.325,95	87010
2017 2 OBRA 33	2017 / 1 / 79420	1.950,80	87010
2017 2 OBRA 37	2015 / 1 / 313110	14.693,55	87010
2018 2 OBRA 6	2018 / 1 / 094543	2.158,01	87010
2016 2 OBRA 1	2016 / 1 / 450579	2.718,15	87010
2017 2 OBRA 65	2015 / 1 / 313110	462,14	87010
2017 2 OBRA 34	2017 / 1 / 79420	0,01	87010
2017 2 OBRA 47	2016 / 1 / 450579	2.769,57	87010
2018 2 OBRA 14	2018 / 1 / 094543	695,36	87010
2018 2 OBRA 3	2018 / 1 / 094543	1,00	87010
2018 2 OBRA 17	2018 / 1 / 094543	3.000,00	87010
2018 2 OBRA 16	2018 / 1 / 094543	6,05	87010
TOTAL		56.637,85	
TOTAIS		180.525,20	66.328,22

QUINTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- **Nº05/CF/2018** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- **Nº06/CE/2018** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2018 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SEXTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente nº 06/CE/2018 de Modificación de crédito por crédito extraordinario e Nº 05/CF/2018 de cambio de finalidade de financiamento afectado (vivenda Dr. Tourón nº 3 e outros).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **05/CF/2018** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **66.152,75€**, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **06/CE/2018** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **180.525,20€** para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
4312-63200	OBRA 01/42/2018	SUBM. E INSTALACIÓN VINILOS PRAZA DE ABASTOS	4.729,68	4.729,68	4.729,68
4312-62300	OBRA 01/43/2018	SUBM. E INSTALACIÓN MOBILIARIO POSTOS FROITO E VERDURAS PRAZA DE ABASTOS	4.960,69	4.960,69	4.960,69
231-62200	OBRA 01/44/2018	ADQUISICIÓN INMOBLE SITO EN AVDA. DR TOURÓN Nº 3 DE VILAGARCÍA DE AROUSA	170.834,83	170.834,83	170.834,83
TOTAIS			180.525,20	180.525,20	180.525,20

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a:

- Baixas de crédito en Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo afectas o financiamento de proxectos engadidos nos Anexos de investimentos dos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 por importe de **66.152,75€**.

- Baixas de crédito na aplicación de gastos 011-913 por importe de **114.196,98€**, informadas favorablemente pola Tesoureira municipal como consecuencia dunha dotación en exceso para cotas de amortización no exercicio 2018, (achégase informe da Tesoureira).

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas que de seguido se indican, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ben por amparar proxectos xa rematados ou susceptibles de cambio de finalidade sen perturbación do respectivo servizo implicando a presente modificación o desestimento expreso para os proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porqué producírase un sobranse como consecuencia dunha dotación inicial excesiva nas mesmas:

Pro.	Eco.	DESCRIPCION	BAIXAS
453	61900	ESTRADAS-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	5.963,32
4312	62200	MERCADOS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	2.681,48

432	62300	MERCADOS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	7.563,47
132	62500	SEGURIDADE-INV. NOVA MOBILIARIO	3.784,43
150	641	XERENCIA URBANISMO-GASTOS EN APLICACIONES INFORMÁTICAS	10.000,00
161	62900	SANEA., AUGA-OUTRAS INVER. N. ASOC. O FUNCIONAL OPERAT. S.	2.879,98
3261	62500	CONSERVATORIO-INV. NOVA MOBILIARIO	2.040,00
3261	62600	CONSERVATORIO-INV. NOVA EQUIPOS INFORMÁTICOS	634,95
3262	62300	ESCOLA MÚSICA-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	2.325,95
3321	62500	BIBLIOTECAS-INV. NOVA MOBILIARIO	1.950,80
334	62300	CULTURA-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	14.693,55
165	63300	ALUMEADO PBLCO.-REPOSI. MAQUIN., INSTALA. E FERRAMENTA	2.158,01
453	61900	ESTRADAS-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	2.718,15
4312	63200	MERCADOS-INVER. REPOSIC. EDIF. E OUTRAS CONST.	462,14
4591	62300	PRAIAS-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	0,01
9201	62600	IMFORMÁTICA-INV. NOVA EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.769,57
170	62300	MEDIO AMBIENTE-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERR.	695,36
132	62300	SEGURIDADE-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	1,00
3261	632	CONSERVATORIO-EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC.	3.000,00
3261	62300	CONSERVATORIO-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	6,05
011	913	DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS	114.196,98
TOTAL BAIXAS			180.525,20

CUARTO: Modificar o Anexo de Invetimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMIENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
4312-63200	OBRA 33/2018	2018	SUBM. E INSTALACIÓN VINILOS PRAZA DE ABASTOS	4.729,68	2014 2 OBRA 7	2014 / 1 / 002364	4.729,68	87010
					TOTAL		4.729,68	

4312-62300	OBRA 34/2018	2018	SUBM. INSTALACIÓN MOBILIARIO POSTOS FROITO E VERDURAS PRAZA DE ABASTOS	E 4.960,69	2014 2 OBRA 7	2014 / 1 / 002364	1.233,64	87010
					2015 2 OBRA 18	2016 / 1 / 450579	2.681,48	87010
					2015 2 OBRA 9	2015 / 1 / 313110	1.045,57	87010
					TOTAL		4.960,69	
231-62200	OBRA 01/44/2018	2018	ADQUISICIÓN INMOBLE SITO EN AVDA. DR TOURÓN N° 3 DE VILAGARCÍA DE AROUSA	170.834,83	2015 2 OBRA 9		6.517,90	87010
					2016 2 OBRA 18	2016 / 1 / 450579	3.784,43	87010
					2016 2 OBRA 9	2016 / 1 / 450579	10.000,00	87010
					2016 2 OBRA 19	2016 / 1 / 450579	2.879,98	87010
					2017 2 OBRA 42	2016 / 1 / 450579	2.040,00	87010
					2017 2 OBRA 43	2016 / 1 / 450579	634,95	87010
					2017 2 OBRA 44	2016 / 1 / 450579	2.325,95	87010
					2017 2 OBRA 33	2017 / 1 / 79420	1.950,80	87010
					2017 2 OBRA 37	2015 / 1 / 313110	14.693,55	87010
					2018 2 OBRA 6	2018 / 1 / 094543	2.158,01	87010
					2016 2 OBRA 1	2016 / 1 / 450579	2.718,15	87010
					2017 2 OBRA 65	2015 / 1 / 313110	462,14	87010
					2017 2 OBRA 34	2017 / 1 / 79420	0,01	87010
					2017 2 OBRA 47	2016 / 1 / 450579	2.769,57	87010
					2018 2 OBRA 14	2018 / 1 / 094543	695,36	87010
					2018 2 OBRA 3	2018 / 1 / 094543	1,00	87010
					2018 2 OBRA 17	2018 / 1 / 094543	3.000,00	87010
					2018 2 OBRA 16	2018 / 1 / 094543	6,05	87010
					TOTAL		56.637,85	
TOTAIS				180.525,20			66.328,22	

QUINTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- **N°05/CF/2018** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- **N°06/CE/2018** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2018 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de

execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

SEXTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS PROMOVIDAS POR CÁRITAS DIOCESANA, NUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA EN CARRIL, COMO DE ESPECIAL INTERESE SOCIAL.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas:

ASUNTO. SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

INFORME: D. FRANCISCO JESUS FERNANDEZ RODRÍGUEZ e/r CÁRITAS DIOCESANA SANTIAGO DE COMPOSTELA (R1500053B) solicita o 05.07.2018 (RE WEB 018001524) a bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en relación a licenza de obra para SUBSTITUCIÓN DE FORXADO INTERIOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA EN RÚA ESPERANZA Nº 20-CARRIL, con fundamento en que se trata dunha obra de utilidade pública.

Consultada a vixente Ordenanza Fiscal Nº 1.3. Reguladora do ICIO, o seu artigo 4.2, establece:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra”

Segundo consta no expediente presentado as obras consisten en demolición de forxado de madeira con retirada de escombro, construción de forxado de formión con viguetas pretensadas, bovedillas e mallazo, e construción de rampla de escaleira de formigón.

A licenza de obra foi presentada o 28.06.2018 (RE 2018007229), e a solicitude de bonificación ten rexistro de entrada con data posterior, o 05.07.2018 (RE WEB2018001524)

Así mesmo, e segundo informe de Inspección de data 31.07.2018, comprobouse que nese momento non se estaba a executar ningún tipo de obras de reforma.

Polo que respecta ao uso ou destino do inmovible, non resulta acreditado, salvo porque a súa titularidade corresponde a Cáritas, non sendo posible determinar “a priori” o valor social das obras.

O importe da liquidación de ICIO sobre o que se solicita a bonificación é de 124,09 €, aboados, segundo consta na contabilidade municipal, o 28.06.2018, polo que de ser aplicada a bonificación resultarían a devolver 62,05 €.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras promovidas por Cáritas Diocesana, nunha vivenda unifamiliar situada en Carril, como de especial interese social.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), BNG (1) e Somos Maioría (1), e tres abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (2) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a declaración das obras promovidas por Cáritas Diocesana, nunha vivenda unifamiliar situada en Carril, como de especial interese social.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA, ASÍ COMO DOS SEUS ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA CITADA ASOCIACIÓN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que “o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolve-las de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia, como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5.^a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non establecido nela, a lexislación do Estado sobre asociacións.

Nos artigos posteriores, dispón que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que estarán regulados pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para conseguiren os seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, nunha xuntanza entre diversos concellos, celebrada o pasado 25 de outubro en Santiago de Compostela, formulouse a proposta de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega que se rexerá polos estatutos que se xuntan.

De acordo co texto dos estatutos, poderán integrarse na asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin. No caso deste Concello, existe un Departamento de actas e normalización lingüística, que conta con un Encargado do Servizo de normalización lingüística.

Por outra parte, o artigo 28 do borrador de estatutos establece unha cota ordinaria que deberán aboar as entidades que formen a asociación, en función do tramo de poboación no que se inclúan. Tendo en conta a poboación deste Concello, correspóndelle unha cota de 5.000 euros, que deberán ser aboados no primeiro trimestre de cada ano con cargo á aplicación que se consigne no orzamento xeral do Concello.

A Secretaría Xeral do Concello emitiu un informe favorable á proposta de adhesión á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega e ao contido dos seus estatutos.

Así mesmo, a Intervención municipal emitiu un informe previo de fiscalización.

Ao abeiro do anterior e do que dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, propóñense para seren aprobados polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

1 Manifestar a vontade do Concello de Vilagarcía de Arousa de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

2 Aprobar a proposta de estatutos (anexo 1) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

3 Manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade e designar a Sonia Outón Casal, como representante política da Corporación na asemblea da Asociación e o técnico de normalización lingüística, Manuel Campos Sanmartín, como representante técnico.

3. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

Vilagarcía de Arousa, 9 de novembro de 2018
O alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa;
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, así como dos seus Estatutos para constitución e funcionamento da citada Asociación.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

- 1 Manifestar a vontade do Concello de Vilagarcía de Arousa de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 2 Aprobar a proposta de estatutos (anexo 1) para a constitución e funcionamento Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
- 3 Manifestar a vontade de concorrer á asemblea constituínte da entidade e designar a Sonia Outón Casal, como representante política da Corporación na asemblea da Asociación e o técnico de normalización lingüística, Manuel Campos Sanmartín, como representante técnico.
4. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A REIVINDICACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE E A NECESIDADE DE MEIRANDES RECURSOS NO ÁMBITO LOCAL E XUDICIAL PARA LOITAR CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 8 de novembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN SOBRE O 25 DE NOVIEMBRE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, sobre a reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Cada 25 de novembro debemos saír ás rúas para denunciar a vixencia da violencia e facer un recoñecemento do traballo de mobilización e visibilización das organizacións feministas do seu país, sen ese traballo moitas demandas non chegarían a unha parte importante das institucións e da sociedade para facernos avanzar.

Así mesmo, neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada

de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres é unha tarefa complexa que require de todo o noso compromiso, tanto como institución municipal como á hora de sermos esixentes coas demais administracións implicadas.

Cada ano máis 5000 mulleres acudan aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg.

Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social. Neste aspecto os concellos temos un papel clave, non exclusivo pero importantísimo, á hora de comunicar coa veciñanza.

Recentemente o goberno central publicaba no BOE do 3 de agosto o Real Decreto-lei 9/2018 de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste incluía a recuperación dos concellos de competencias na materia, pasando a engadirse no seu haber a “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”. Desde o BNG preocupámonos que esta tan anunciada e publicitada competencia non veña acompañada dun financiamento suficiente nin duns criterios de reparto adaptados á realidade do noso país.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.

2. Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

- Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.
- Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.
- Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñe no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.
- Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.
- Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.
- Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.
- Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

Vilagarcía de Arousa, 8 de novembro de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais PSG-PSOE, PP e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre a reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de meirandes recursos no ámbito local e xudicial para loitar contra a violencia machista.

- Sendo as 18:15 horas auséntase da sesión a Sra. Interventora Municipal.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e,

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas.

2. Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país

3. Demandar da Xunta de Galiza a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

- Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.
- Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.
- Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñen no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais.
- Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia.
- Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima.
- Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.
- Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 8 de novembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear.

Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame

menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos

enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013.

Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é

posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que

deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentir o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.
2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Vilagarcía de Arousa, 8 de novembro de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro no Adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o sector eléctrico.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2), BNG (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o sector eléctrico.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 16 de novembro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN SOBRE O ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 40 anos do réxime político español actual, a Constitución que o consagra foi modificada unicamente en dúas ocasións, unha primeira vez por imperativo europeo tras a sinatura do Tratado de Maastricht en 1992, a segunda reforma foi en 2011 para a modificación do artigo 135, precisamente, en sentido regresivo, para priorizar os intereses da banca fronte aos das clases populares. No entanto, é claro que o texto constitucional vigorante contén eivas democráticas evidentes, que non casan cun sistema político verdadeiramente democrático, pois supoñen a negación de dereitos individuais e colectivos básicos.

Particularmente, dous aspectos chaman a atención polo seu anacronismo e incompatibilidade co respecto a dereitos democráticos esenciais. Por un lado, a negación das nacións que, como Galiza, facemos parte deste Estado. Por outro, a permanencia dunha Xefatura do Estado vitalicia e hereditaria que, ademais, nesta etapa ten a súa orixe nunha decisión do ditador Francisco Franco.

É evidente que un sistema que se queira realmente democrático debe partir de que todos os cargos públicos -canto máis a xefatura do estado- deben ser resultado da vontade popular expresada por medio do voto. Do mesmo modo, debe sustentarse no respecto de todos os pobos e dos seus dereitos colectivos. Cabe lembrar que o dereito de libre determinación fai parte da Carta das Nacións Unidas e dos Pactos e acordos posteriores, todos eles asinados polo Estado español.

Así pois, a Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa acorda PRONUNCIARSE A FAVOR de:

1. A supresión da monarquía, por ser unha institución anacrónica e antidemocrática, e a opción por un sistema democrático e republicano.

2. O recoñecemento de Galiza como nación e, por tanto, dos dereitos colectivos inherentes, moi especialmente do dereito de autodeterminación.

O presente acordo será comunicado, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, ao Parlamento de Galiza, á Xunta de Galiza, ao Congreso dos Deputados, ao Senado e ao Goberno español.

Vilagarcía de Arousa, 16 de novembro de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o aniversario da Constitución.

- Debátense conxuntamente os asuntos que figuran cos números 11 e 12 da orde do día do Pleno.

No expediente consta informe da Secretaria de data 27 de novembro de 2018, no que se realizan obxeccións sobre a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e se informa desfavorablemente.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2), BNG (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e quince votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o aniversario da Constitución.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU PARA QUE SE DERROGUE O DELITO DE INXURIAS Á COROA E PARA REAFIRMAR O COMPROMISO COS VALORES REPUBLICANOS E A DEMOCRACIA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 21 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN PARA QUE SE DEROGUE O DELITO DE INXURIAS Á COROA E PARA REAFIRMAR O COMPROMISO COS VALORES REPUBLICANOS E A DEMOCRACIA, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo ditou en marzo de 2018 unha sentenza pola que condena a España a devolver a multa que, a cambio de non ingresar en prisión, pagaron dous mozos condenados por queimar hai 11 anos unha foto do Rei durante a Diada. A xustiza europea considera que esa actuación foi “unha expresión simbólica da crítica política” e que os tribunais españois, a Audiencia Nacional e o Tribunal Constitucional, vulneraron o artigo 10 da Convención Europea de Dereitos Humanos relativo á liberdade de expresión.

O Código penal ofrece máis protección á Casa Real que a calquera outra institución ou cidadán do Estado, a través do delito de inxurias á Coroa (artigos 490.3 e 491). Pola contra, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) ten unha xurisprudencia moi clara e sólida, en virtude da cal os ordenamentos non poden outorgar unha protección especial e cualificada aos seus cargos e institucións máis importantes senón máis ben ao contrario, han de permitir un maior grao de crítica. Isto xustifícase porque se tratan de institucións públicas que deben atoparse suxeitas ao cuestionamento e escrutinio cidadán no marco dunha democracia.

Esta postura do TEDH vese reafirmada polo Consello de Europa e polo Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas, para quen a liberdade de expresión é “a pedra angular de todas as sociedades libres e democráticas” engadindo, ademais -nunha Observación específica sobre este tema en 2011- a “gran importancia” que outorga o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos a “a expresión sen inhibicións no debate público sobre figuras do ámbito público e político nunha sociedade democrática”. É por iso, din literalmente desde Nacións Unidas, que “todas as figuras públicas, incluso as que exercen os cargos políticos de maior importancia, como os Xefes de Estado ou de Goberno, poden ser obxecto lexítimo de críticas e oposición política”.

Recentemente o Parlament de Catalunya aprobou unha resolución para reprobar o comportamento do Rei polo seu discurso tras o 1 de outubro de 2017, onde alentou a confrontación e a tensión e, envolvéndose nunha Constitución que xa non representa a toda a sociedade, púxose na primeira liña do bloque reaccionario. Unha irresponsable actitude que estivo acompañada dun ton bronco e indesexable. A esta reprobación uníuselle a do Concello de Barcelona.

Ante o acordo do Parlament, o Consello de Ministros acordou pedir ao Consello de Estado que emitise con urxencia o seu ditame preceptivo para impugnalos ante o Tribunal Constitucional, pois o Goberno consideraba “politicamente inaceptable” a proposición aprobada. A pesar de que o Consello de Estado recomendou non acudir ao Tribunal Constitucional, declarando que o Parlament é libre de facer xuízos políticos, o Goberno desatendeuno e anunciou o pasado 26 de outubro que interpoñerá un recurso contra o Parlament.

Hai que lembrar que no acordo orzamentario entre Unidos Podemos e o Goberno inclúese a modificación dos artigos do Código penal que regulan os delitos de ofensa aos sentimentos relixiosos e inxurias á Coroa, así como recentemente foi aprobada a trámite no Congreso unha lei de protección da liberdade de expresión, impulsada por Esquerda Unida, que recolle precisamente este acordo.

Por outra banda os membros do Partido Popular, PSOE e Cidadáns na Mesa do Congreso denegaron nas últimas semanas que nin sequera se debata nesta Cámara a aprobación dunha Comisión de investigación sobre os presuntos delitos que puidese cometer o Rei emérito, D. Juan Carlos de Borbón.

Por mor das gravacións de Corinna Zu Sayn- Wittgenstein, dadas a coñecer por diversos medios de comunicación, hai indicios máis que suficientes para iniciar esta investigación ao monarca emérito. Tras unha primeira denegación da Mesa do Congreso onde se alegaba que a inviolabilidade do Xefe de Estado impedía esta investigación -algo que non compartimos, pois a inviolabilidade en todo caso haberíase de circunscribir a actos de natureza política referendados polo Goberno-, o pasado martes 23 de outubro denegouse unha segunda petición. Nela solicitábase investigar a D. Juan Carlos de Borbón desde a súa abdicación en 2014, cando formalmente deixou de ser inviolable para estar unicamente aforado.

Por último, cremos que resulta xa do todo inaprazable materializar unha reivindicación democrática básica neste país como é a realización dun referendo sobre Monarquía e República.

Por todo iso, o grupo municipal de Esquerda Unida, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Instar o Goberno do Estado para derrogar o delito de inxurias ao Rei e á Casa real dos artigos 490.3 e 491 do Código penal, igualando a protección penal da honra desta figura á do resto de cidadáns.

SEGUNDO: Rexeitar e condenar o posicionamento do Rei Felipe VI e a súa intervención no conflito catalán, así como a súa xustificación da violencia por parte dos corpos policiais o 1 de outubro.

TERCEIRO: Reafirmar o compromiso cos valores republicanos e apostar pola abolición dunha institución caduca e antidemocrática como a monarquía.

CUARTO: Instar o Goberno e ao Congreso dos Deputados a que se permita investigar en sede parlamentaria as accións realizadas por D. Juan Carlos de Borbón desde o ano 2014, momento en que deixa de ser inviolable xuridicamente, e sobre quen recae indicios suficientes de delito.

QUINTO: Instar o Goberno a convocar un referendo de acordo á Constitución para que os cidadáns podamos decidir entre Monarquía e República.

SEXTO: Comunicar este acordo a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de novembro do 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción polo grupo político municipal de EU para que se derogue o delito de inxurias á Coroa e para reafirmar o compromiso cos valores republicanos e a democracia.

Dáse conta de que polo Grupo Municipal de EU-IU se presentou coa data de 28 de novembro unha modificación para a adopción do acordo plenario correspondente, na que se propón o seguinte:

PRIMEIRO: Instar o Goberno do Estado para derrogar o delito de inxurias ao Rei e á Casa real dos artigos 490.3 e 491 do Código penal, igualando a protección penal da honra desta figura á do resto de cidadáns.

SEGUNDO: Reafirmar o compromiso cos valores republicanos e instar ao Goberno a que traballe, poñendo en marcha os mecanismos legais, pola abolición dunha institución como a monarquía.

TERCEIRO: Instar o Goberno e ao Congreso dos Deputados a que se permita investigar en sede parlamentaria as accións realizadas por D. Juan Carlos de Borbón desde o ano 2014, momento en que deixa de ser inviolable xuridicamente, e sobre quen recae indicios suficientes de un presunto delito.

CUARTO: Instar o Goberno a convocar un referendo de acordo á Constitución para que os cidadáns podamos decidir entre Monarquía e República.

QUINTO: Comunicar este acordo a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de retirada do punto terceiro da nova proposta de acordo da moción.

- O Sr.López Rodríguez di que non se acepta a emenda presentada.

Dáse conta do informe emitido pola Secretaria Xeral, de data 29 de novembro de 2018, do seguinte teor:

INFORME:

- Con data 21 de novembro de 2018 presentouse polo Grupo Municipal de EU-IU para o seu debate no Pleno, unha moción solicitando que se derroque o delito de injurias á Coroa e para reafirmar o compromiso con valores republicanos e a democracia.
- Con data 26 de novembro de 2018, foi ditaminada favorablemente a moción citada, na Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade.
- Con data 27 de novembro de 2018, a que subscribe emitiu un informe en relación coa referida moción, no que se indica, en síntese que, por tratarse de temas que non son competencia municipal, nin competencia plenaria, pois tratan asuntos que son competencia doutras Institucións Públicas, debería o Pleno da Corporación limitarse a solicitar ante os organismos competentes as peticións que procedan.
- Con data 28 de novembro de 2018, polo grupo municipal de EU-IU introducíronse cambios na Moción, figurando unha proposta de acordo modificada con respecto á presentada con data 21 de novembro de 2018, polo que, á súa vista non se formula ningunha obxección á mesma, e se informa favorablemente.

Vilagarcía de Arousa, 29 de novembro de 2018.

A SECRETARIA XERAL

Rosa Losada Suárez

Sometido a votación o asunto coa nova redacción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ó grupos políticos municipais de EU (2), BNG (1), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de EU para que se derroque o delito de injurias á coroa e para reafirmar o compromiso cos valores republicanos e a democracia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, PARA A REDUCCIÓN DO TRÁNSITO DE VEHÍCULOS PESADOS NO CENTRO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (ROSALÍA DE CASTRO):

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 21 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A REDUCCIÓN DO TRÁNSITO DE VEHÍCULOS PESADOS NO CENTRO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (AVDA. ROSALÍA DE CASTRO)

É algo obvio que o tránsito de vehículos pesados, especialmente camiões de gran tonelaxe, polas rúas do centro de calquera vila ou cidade cáusalles non só molestias ao resto dos vehículos, senón tamén ás persoas que viven ou que se moven por esas zonas. Non é menos certo que no caso de Vilagarcía de Arousa, unha das vías de acceso e saída da nosa vila cara ao norte, como é Rosalía de Castro, constitúe un exemplo claro da incomodidade que provoca o tránsito dese tipo de vehículos e que calquera medida que sirva para evitar dita acumulación de vehículos pesados pode ser de grande axuda para mellorar a convivencia entre vehículos e viandantes, e tamén de residentes nesa avenida.

Tampouco non é ningún descubrimento que boa parte -ou case a totalidade- dos vehículos pesados que circulan a diario pola Avenida Rosalía de Castro acceden a dita rúa saíndo das instalacións portuarias pola Avenida de Valle-Inclán, pasando posteriormente pola zona do Cavadelo pegada ao Parque do Quinto Centenario e finalmente accedendo á vía que nos ocupa pola rotonda do Ramal.

Despois dese treito, xa na saída de Vilagarcía de Arousa cara ao norte -Padrón, Santiago, A Coruña, etc., principais destinos dos camiões pesados- os vehículos teñen que circular pola rotonda próxima á Praza da Liberdade, no Carril, e na que hai na entrada da Circunvalación Norte, na estrada PO-548. Ademais da complicación que xeran os grandes vehículos nas rotondas, hai que sumar en todo ese traxecto un gran número de semáforos e pasos de peóns que causan continuas paradas e arrancadas que para estes grandes camiões supoñen un aumento do consumo e polo tanto, da emisión de ruídos e gases contaminantes.

Segundo os datos achegados pola Policía Local, a circulación diaria pola Avenida Rosalía de Castro ascende a 9.176 vehículos, mentres que o número dos que circulan pola anteriormente mencionada Circunvalación Norte non chega nin á metade dese número: 4.364 diarios.

Así as cousas, resulta lóxico propiciar un trasvase de vehículos entre esas dúas vías, unha á que para acceder hai que circular por demasiadas rotondas e semáforos e outra sen ese tipo de inconvenientes. No caso concreto que se expón aquí, a proposta é a de desviar do centro de Vilagarcía de Arousa o tránsito de vehículos de alta tonelaxe e o xeito de facelo é establecer unha restrición para ese tipo de vehículos na zona do Ramal e que teñan que saír das instalacións portuarias e da T.I.R. cara á N-640 (Vía de Circunvalación Sur), para finalmente enlazar na outra punta desta coa VG-4.7 (Vía Circunvalación Norte) e saír finalmente polo norte por Bamio.

Con este cambio non lle escapa a ninguén que os vehículos que circulen por este treito van ter que facer un meirande número de quilómetros, pero polo explicado anteriormente ao respecto do número de rotondas e de semáforos que van ter que pasar para chegar ao mesmo punto, ademais da limitación de velocidade (50-30 km/h), non podemos pasar por alto que o consumo de combustible non vai aumentar, senón ao contrario. E isto ademais suporá evitar que nas arrancadas e paradas propias dos semáforos e as rotondas, eses vehículos pesados deixen de emitir ao Medio gases contaminantes e ruídos molestos para a veciñanza da zona.

Con esta medida tan simple, conseguiríase o obxectivo de librar de tránsito de pesados a Avenida Rosalía de Castro, coas consecuencias que isto conlevaría: a mellora das condicións de circulación da propia vía á vez que se evita o deterioro máis rápido da mesma, a redución de ruídos xerados polos grandes camiões e a emisións contaminantes que estes vehículos deixan nunha das avenidas da nosa vila cun gran número de vivendas, a zona da Praia de Compostela, xardíns e parques, etc.

Por todo o exposto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte ACORDO

1• O Concello de Vilagarcía de Arousa instará á Xunta de Galicia a que limite a circulación de vehículos de gran tonelaxe pola Avenida Rosalía de Castro coa colocación de sendas sinais para tal efecto na zona do Ramal e na rotonda de entrada ao Vial Norte (VG-4.7).

En Vilagarcía de Arousa, a 21 de novembro de 2018.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais PSG-PSOE, PP e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, para a redución do tránsito de vehículos pesados no Centro de Vilagarcía de Arousa (Rosalía de Castro)

- Dáse conta da emenda de substitución presentada polo Grupo Municipal do PP, seguinte:

- 1) Instar á Xunta de Galicia a que elabore un informe técnico sobre a viabilidade e repercusións de limitar a circulación de vehículos de gran tonelaxe pola Avenida Rosalía de Castro.
- 2) Instar á Xunta de Galicia, a que se ese informe técnico o avala, se limite a circulación de vehículos de gran tonelaxe pola Avenida Rosalía de Castro coa colocación de senllos sinais para tal efecto na zona do Ramal e na rotonda da entrada ao Vial Norte (VG-4.7).

- Os grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría aceptan a emenda presentada.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentda polos grupos municipais de EU e Somos Maioría coa emenda do grupo municipal do PP e,

- 1) Instar á Xunta de Galicia a que elabore un informe técnico sobre a viabilidade e repercusións de limitar a circulación de vehículos de gran tonelaxe pola Avenida Rosalía de Castro.
- 2) Instar á Xunta de Galicia, a que se ese informe técnico o avala, se limite a circulación de vehículos de gran tonelaxe pola Avenida Rosalía de Castro coa colocación de senllos sinais para tal efecto na zona do Ramal e na rotonda da entrada ao Vial Norte (VG-4.7).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Polos Grupos Municipais de EU e Somos Maioría presentouse coa data de 24 de novembro a seguinte interpelación sobre a situación coa organización do Torneo Arousa Fútbol 7:

1.- Por que opta o Alcalde por realizar manifestacións que difiren tanto das realizadas desde a organización do torneo, sen que ofrezan unha solución, senón que prexudican publicamente a imaxe do Arousa Fútbol 7, reducindo o problema a unha simple “subasta” económica?

2.- É consciente das verdadeiras motivacións, baseadas na falta de apoio real reflectida nas diferentes e múltiples trabas organizativas que ano tras ano están a poñer para que se poida desenvolver o campionato coa vistosidade que require?.

3.- Vai o Concello intentar poñerlle solución a este desencontro coa organización do campionato? Cales son as iniciativas, medidas ou decisións para que Vilagarcía siga sendo o epicentro e referencia internacional do Fútbol 7, nesas datas?

- **Contesta o Sr. Serén Mera.**

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181129&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.